

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

*EXTRACTO da Resolución do 13 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento PR945C).*

BDNS (Identif.): 601679.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarios das subvencións os clubs deportivos, as sociedades anónimas deportivas e as seccións deportivas de Galicia, inscritos, en todos os casos, no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas cales se rexerá a convocatoria de subvencións da Secretaría Xeral para o Deporte, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 13 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións



deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento PR945C).

**Cuarto. *Importe***

Para conceder estas subvencións destinaranse 2.000.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

**Quinto. *Prazo para presentar as solicitudes***

O prazo para presentar as solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2021

José Ramón Lete Lasa  
Secretario xeral para o Deporte

CVE-DOG: k68gymq2-ygj0-kzr4-zn88-0m3jrpp32bs8

